



www.eusumo.coop
www.cooperativasdegalicia.com
www.xunta.es

AXENDA ACTIVIDADES

CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS

29 e 30 novembro e 1 decembro 2013
Pontevedra – Pazo da Cultura

XUNTA DE GALICIA

O **Consello Galego de Cooperativas** aproveita a súa presenza en Culturgal para promover, apoiar e reforzar a acción cultural das cooperativas. Esta é unha oportunidade para amosar todo o potencial dos sectores cooperativos implicados e acrecentar a interacción cos diversos públicos que asisten.

Os valores cooperativos postulan un desenvolvemento económico ao servizo das necesidades das persoas e dos territorios: a solidariedade, a democracia, a axuda mutua, o interese pola comunidade... configuran un modelo de xeración de riqueza que reverte na sociedade e que pon en valor as potencialidades locais.

O sector da cultura como o da economía social teñen varios puntos en común. Ambos usan como base do seu funcionamento o fomento da creatividade das persoas, a continua comunicación que realizan co seu contexto social á hora de desenvolver as súas actividades e propostas, a aposta por modelos de organización cada vez máis horizontais, e o compromiso ético coa realidade social e a comunidade onde se inscriben.

As cooperativas participantes xunto co Consello Galego de Cooperativas presentan unha serie de actividades para que a experiencia de todos na Feira sexa máis completa e produtiva.

VENRES 29

Exposición permanente de **Pinturas e ilustracións** da cooperativa **Cestola na Cachola**

Exposición permanente de **Armonógrafo** da cooperativa **Teixugo**

12.00 a 14.00 h Asesoría técnica **Rede EuSumo**

16.00 a 18.00 h Asesoría técnica **Rede EuSumo**

SÁBADO 30

Exposición permanente de **Pinturas e ilustracións** da cooperativa **Cestola na Cachola**

Exposición permanente de **Armonógrafo** da cooperativa **Teixugo**

11.30 h **Conta contos** da cooperativa **Melandrainas Creativa**

12.00 a 14.00 h Asesoría técnica **Rede EuSumo**

12.30 h Charla informativa sobre **Cooperativas de ámbito cultural**.
Relatora: Ana Lorenzo da Rede EuSumo

17.00 h **Conta contos** da cooperativa **Melandrainas Creativa**

17.30 h Presentación proxecto **Xescultura** da cooperativa **Urdime**

18.30 h Presentación do proxecto **"Pintando e economía social e solidaria"** de **Cestola na Cachola**

19.00 h **Sinatura de discos de Xoán Curiel** da cooperativa **Imperdible Servizos Culturais**. Cantautor galego, que está recorrendo a Península coas súas **Xiras Magnéticas**, pasarase polo Culturgal para asinar discos e compartir con nós temas do seu disco **"Magnético Zen"**, co cal ven de gañar o premio ao mellor álbum en galego dos "Premios de la Música Independiente" así como novidades do seu próximo traballo.

DOMINGO 1

Exposición permanente de **Pinturas e ilustracións** da cooperativa **Cestola na Cachola**

Exposición permanente de **Armonógrafo** da cooperativa **Teixugo**

11.30 h **Conta contos** da cooperativa **Melandrainas Creativa**

12.00 h Exhibición de **cultivo de Cogumelos** da cooperativa **Teixugo**

13.30 h Presentación proxecto **Verbena Galega** da cooperativa **Culturactiva**

16.30 h Obradoiro de **Monicreques** da cooperativa **Melandrainas Creativa**

17.30 h **Conta contos** da cooperativa **Melandrainas Creativa**

18.00 h Presentación proxecto **Verbena Galega** da cooperativa **Culturactiva**

18.30 h Espazo CARPA. Sergio Tannus presenta o seu disco «Son brasileiro» no que consegue momentos de gran emoción e complicidade co público. **Imperdible Servizos Culturais**

Sinatura de discos de Sérgio Tannus no stand. Tras presentar o seu disco **"Son Brasileiro"** na Carpa do Culturgal, o brasileiro e os músicos da banda estarán asinando os discos.